

Cadaval-Pazó  
O rei vai espido

Anxo Tarrío Varela

Acaba de chegarme no correo unha pequena publicación que encerra moita da sabedoría amoreada polo ser humano ao longo da súa aínda cativa historia. Cativa, digo, se temos en conta a idade do planeta no que habitamos e no que xurdimos hai tan só uns poucos millóns de anos, que nada é comparado cos billóns de billóns deles que ten o universo. Lembro agora a un querido profesor de xeografía, Francisco Río Barja, dicíndonos que, se reducisemos a historia do planeta Terra a unha película que durase 24 horas, o ser humano non aparecería ata o último segundo. E mira ti, lector, cómo fomos aprendendo a ser pillabáns en tan pouco tempo. Por iso vén moi a conto, e nunca mellor dito, esa publicación de que che falo. Trátase do primeiro número dunha nova colección de textos dramáticos que leva o nome da musa do teatro. Os responsables do envío acompañan a súa xentileza cunha carta na que din que, se ben o texto teatral ten como finalidade a súa representación, o certo é que a publicación é a que garante a perennidade da obra e, ás veces, o seu paso á posteridade. E teñen razón: o texto dramático ten vocación de figurar nas táboas dun escenario pero, de certo, o que pode facer que atravesese os séculos é a súa impresión en libro ou nun soporte que garanta a súa supervivencia no tempo.

Ábrese esta nova colección cun texto preparado por Quico Cadaval e Cándido Pazó, que retoman o conto popular indoeuropeo de transmisión popular, ou sexa oral, fixado por escrito, ao seu xeito, polo dinamarqués Hans Christian Andersen no século pasado, baixo o título de *O rei nu*. Como ben é sabido, ralata este conto o caso do rei que desfilou espido de toda roupa diante dos seus súbditos porque un par de lerchos o convenceran de que o vestido que lle venderan estaba feito dunha tea sutilísima tan só visíbel polos que non fosen parvos ou indignos do cargo que ocupaban.

Cándido Pazó e Quico Cadaval, que son xa nomes ben coñecidos da escena galega, refixeron magnificamente o tema folclórico para convertelo nunha alegoría da condición hipócrita, submisa, cobizosa ou corrupta do ser humano, e conste que podemos tomar todos estes adxectivos xuntos ou ben escoller algúns por separado, sen excluírmonos a nós mesmos, por suposto, cousas todas elas que estaban xa no trasfondo do conto primixenio, pero agora adaptadas de xeito tal que podemos facer del unha lectura da máis recente actualidade.

Como xa ten demostrado a Compañía Ollomol-Tranvía, dende logo a teatralidade do texto, coas acoutacións apropiadas e o ritmo que cómpre, está garantida. O humor e a ironía pódense encarnar perfectamente na escena e así conseguir un espectáculo entretido que ten a virtude brechtiana de deixar pousado na mente do espectador o verme da reflexión e da autocrítica, dende o momento en que a alegoría nos atingue a todos por igual, pois só vemos da realidade o que nos convén ou o que nos obrigan a ver.

Acerto grande por parte de Cándido Pazó e Quico Cadaval foi o de introducir no texto de *O Rei nu* unha serie de referencias a moitos outros contos marabillos, de coñecemento común para quen tivese unha infancia privilexiada pola lectura ou, mellor aínda, pola audición das narracións clásicas, sen deixar por iso de afagar o oído máis culto e adulto con intertextualidades do teatro clásico. E xa que acabo de utilizar ese palabrón tan de moda dende hai uns anos como é o de **intertextualidade**, debo dicir que me gustou moito o reproche velado que fan os adaptadores a certa pretendida crítica literaria á que todo se lle vai en terminoloxía escura e paifoca, seguramente tratando de ocultar a falta de sensibilidade estética dos seus autores, que queren vender un produto falso baseándose na lección que a alegoría do rei espido nos ensina.

En fin, saúdos e congratulacións pola nova colección de Talía Teatro e desexos de longa e frutífera vida para os seus promotores. E que non esquezan que, se queren prosperar e conseguir os seus sonhos, terán que facer coma quen non ve que o rei vai nu, pois, como

se pode ler no magnífico final do texto de Cadaval e Pazó: “Parvos non son os que ven ao Rei nu, parvos son os que o din”. Pois iso.

*O Correo Galego*  
1996